

TRATAMENTO SOCIOLABORAL ÁS PERSOAS DISCAPACITADAS NA REPÚBLICA DE CUBA

Lic- Miriam Escudero García

Ministerio de Trabajo e Seguridade Social. Cuba.

I.- INTRODUCCIÓN

Os preceptos da Constitución Cubana definen concretamente o cometido do Estado no campo da política social. O Estado desempeña unha suprema función garantidora e así parece expresado no referido corpo legal, pronunciándose porque tódolos cidadáns gocen de iguais dereitos e estean suxeitos a iguais deberes.

A persoa discapacitada, como calquera outro cidadán, goza dos mesmos dereitos de obter un emprego digno que poida desempeñar segundo as súas posibilidades.

Na lexislación cubana fálase por primeira vez de “incapacidade parcial” na Lei de Accidentes do Traballo de 12 de xuño de 1916. A Lei de Accidentes do Traballo de 1934 substitúe á antedita lexislación, relacionándose na mesma as incapacidades parciais, as que quedaban determinadas por unha porcentaxe. Ó dictarse a Lei 1100 no ano 1963, onde se regularon os principios básicos da Seguridade Social, estableceuse que a invalidez dun traballador se determina tamén por unha lista de incapacidades. Pouco tempo despois considerouse que este xeito de avaliar a incapacidade non era o idóneo e, en consecuencia, dispúxose a creación das Comisións de Peritaxe Médica, que en adiante efectuarían esa avaliación.

En 1967, a Dirección de Protección do Ministerio de Traballo promulgou a Instrucción No. 7 que estableceu os procedementos que debían aplicar os organismos ós traballadores que se incapacitaban por un accidente do traballo, enfermidade profesional ou común, estando obrigados a proporcionarlles unha emprazamento acorde coa capacidade funcional de traballo desa forza incapacitada.

En 1970 suscribíuse un Convenio coa Organización Internacional do Traballo (OIT) coa fin de obter asesoría sobre a rehabilitación profesional, o que foi cumprimentado, definindo os programas de traballo que serían desenvolvidos pola Dirección de Recursos Laborais, Dirección de Protección, Dirección de Seguridade Social e Dirección de Asistencia Social do Ministerio de Traballo coa participación do Ministerio de Saude Pública, Ministerio de Educación e outros.

O desenvolvemento experimentado nos anos seguintes na organización do traballo, baixo normas de maior alcance, aconsellou regular máis concretamente a invalidez parcial, xurdindo a Resolución No. 121 en 1978, que establecía algúns aspectos sobre reubicación laboral, prestación económica e rehabilitación.

A Lei 24 de 1979 de Seguridade Social articula as diversas continxencias que poden afectar ó traballador, privándoo ou limitando a súa capacidade de ingreso-consumo: enfermidade, accidente, maternidade, invalidez parcial, invalidez total, velez e morte. A asistencia social ampara, á súa vez, en calquera continxencia, prestando a axuda social requirida por falta ou insuficiencia de ingresos.

No texto da refirida lexislación defínese o tratamento a ofrecer ós inválidos parciais que sufriran unha diminución da capacidade física ou mental nun grao que lles impida continuar no sen posto de traballo. Ó regular esta continxencia, a Lei distingue cinco situacións, a saber: o traballador reubicado con salario inferior, o mantido na súa praza

con xeira reducida, o traballador sometido a tratamento de rehabilitación, o que toma un curso de calificación ou recalificación, e o pendente de reubicar. Cada un dos casos orixina o dereito a recibir pensión e prestacións en servizos e en especie que demanda o estado do traballador.

Entre as prestacións en servizos teñen especial significado a rehabilitación e a calificación ou a recalificación do traballador.

As disposicións da Lei harmonizan cos obxectivos da Lei 13 de 1977 de Protección e Hixiene do Traballo, que recolle as ideas relativas á protección do traballador, sinalando no artigo 25 que “o Programa de rehabilitación integral, física, psíquica e laboral dos traballadores será elaborado polo Ministerio de Saúde Pública coa participación do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, e para levalo a cabo crearanse as institucións especializadas que se requiran, dedicadas a dita rehabilitación, ou realizárase de forma coordinada nos centros asistenciais e de rehabilitación do Sistema Nacional de Saúde e nos de calificación do Sistema Nacional de Educación, ou nos centros de calificación ou adestramento laboral dos organismos e empresas”.

No artigo 42 exprésase que “se por motivos de enfermidade ou accidente se orixina unha redución da capacidade do traballador para desempeñar o posto que habitualmente veña ocupando debe se calificado ou recalificado, cando así o requira, e ofrecérselle un emprego para o cal a súa capacidade resulte idónea, con preferencia no centro onde traballa”.

O Ministerio de Saúde Pública conta desde 1967 con Comisións de Peritaxe Médica que son as autorizadas a practicar as peritaxes e determinar a existencia ou non de incapacidade dun traballador. No caso das persoas discapacitadas que non traballaron a causa da deficiencia que padecen, ou comezan a traballar e non poden continuar por razón de contraer unha nova lesión ou enfermidade ou agravarse o seu padecemento, aténdense en Comisións de Peritaxe Médicas especializadas, tal e como dispón a Resolución No. 72 de 1989 do Ministerio de Saúde Pública, que son as autorizadas para determinar as limitacións das persoas con discapacidade avaliando as condicións de traballo, xeira laboral e outros aspectos que inflúen na selección do posto de traballo

Do expresado anteriormente pode apreciarse que o traballador que sofre unha deficiencia que o limita ou lle impide continuar a actividade que veña desempeñando, atópase protexido polo réxime de seguridade social, recibindo non só unha pensión cómpensatoria pola diminución económica sufrida ó non poder continuar o labor que desempeñaba, senón a posibilidade de rehabilitarse funcional e laboralmente ata que se restableza a súa capacidade para desempeñar unha actividade normal.

Por outra parte, o discapacitado que nunca traballou atópase protexido polo réxime de Asistencia Social, sempre que presente necesidade económica; e a habilitación laboral queda, nun inicio, en función da escola especial se é para menores; e se é para adultos, mediante cursos de adestramento que se imparten directamente no posto de traballo.

Tamén nas institucións hospitalarias se ofrecen servizos de habilitación e rehabilitación laboral e en centros especializados das Asociacións de Discapacitados, como é o Centro de Rehabilitación para Cegos e Débiles Visuais, que foi creado coa finalidade de impartir cursos de rehabilitación social e pre-laboral. A colocación laboral corresponde ás Direccións de Traballo Municipais do Poder Popular.

No ano 1994, tendo en conta a vontade do Goberno Cubano que promove a total realización dos proxectos actuais e a aplicación de novas iniciativas e ideas en materia de discapacidade, e o desenvolvemento acadado nesta esfera da política social,

decidiuse elaborar un Plan de Acción Nacional que inclúe un grupo de Programas vinculados ó proceso económico e social do país, tomando como base o modelo cubano de integración para persoas con discapacidade.

As medidas que se inclúen no presente Plan vincúlanse estreitamente ás redes existentes en materia de saúde, educación, seguridade social, asistencia social, barreiras arquitectónicas, ocio e tempo libre, e medios de comunicación social a fin de sensibilizar á opinión pública e facer participar á sociedade nos problemas da discapacidade, incorporando ademais, elementos de investigación, información e intercambio científico técnico.

Especificamente en materia de emprego estan incluídos no Plan de Acción Nacional seis Programas dedicados á integración socio-laboral da persoa discapacitada.

- Programa de Emprego para as Persoas con Discapacidade (PROEMDIS).
- Perfeccionamento do Taller Especial.
- Formación Profesional.
- Capacitación de Administradores e Instructores de Oficio dos Talleres Especiais para Persoas con Discapacidade.
- Capacitación de Persoas con Discapacidade en actividades relacionadas coa computación.
- Capacitación Profesional do Persoal que atende o PROEMDIS nas Técnicas de Computación para a utilización da Base de Datos elaborados ó efecto.

Estes Programas foron deseñados cunha perspectiva ata o ano 2000 e a súa aplicación práctica vai desde o nivel nacional ata o comunitario, examinando e avaliando con carácter permanente a eficacia de tódalas políticas, a aplicación das diferentes tarefas e o estado de cumprimento dos servicios deseñados, desenvolvendo o máximo esforzo para a plena realización do Programa de Acción Mundial.

Despois de resumir a diversidade de formas da regulación xurídica, pódese establecer que esto por si mesmo non resolve a esencia da cuestión da rehabilitación, sen embargo, é indiscutible que o sinalamento dos distintos dereitos básicos e posibilidades a nivel de Lei, ten con relación ás persoas discapacitadas, non só un sentido declarativo, senón que contribúe a unha elaboración máis ampla e completa, facilitando a aplicación práctica do sistema de rehabilitación integral.

II- DIFERENTES MODALIDADES DE EMPREGO ÁS QUE TEN ACCESO A PERSOA DISCAPACITADA

A integración socio-laboral da persoa discapacitada comeza desde a atención ó suxeito dentro do Sistema Nacional de Saúde dirixido a toda a poboación con carácter gratuíto. Actualmente aplícanse programas que recollen un grupo de actividades necesarias de carácter integral que contemplan diferentes aspectos: físicos, psíquicos, socioeconómicos, sociolaborais, modificación do estilo de vida e control dos factores de risco. A rehabilitación integral do discapacitado transcendeu os límites hospitalarios para estenderse cara ó nivel primario de atención, no que o plan do médico da familia propicia o marco idóneo para acadar os obxectivos propostos.

A rehabilitación de base comunitaria comeza desde o control de persoas con discapacidade rexistradas en cada área de Saúde, o que propicia a fonte primaria de información para coñecer as necesidades de emprego deste grupo de persoas.

Como parte dos programas xerais que se desenvolven, vense atendendo sistematicamente a rehabilitación integral da persoa discapacitada co propósito de lograr a súa máxima participación na vida social e económica e a maior independencia persoal. Normas xurídicas específicas foron dictadas para este fin e, aínda que subsisten problemas obxectivos e subxectivos que conspiran coa rehabilitación axeitada do discapacitado, acadáronse avances moi significativos en traballos conxuntos realizados polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social; as Asociacións de discapacitados organizadas no país, o Ministerio de Saúde Pública, o Ministerio de Educación e outros Organismos competentes nesta materia.

O dereito ó traballo é un dos principios que rexe o Dereito Laboral Cubano e proclámase para todos os cidadáns que están en condicións de traballar e obter un emprego co que poidan contribuir ós fins da sociedade e á satisfacción das súas necesidades sen distinción de raza, cor, sexo, relixión, opinión política, ou orixe nacional ou social.

Tocante ó emprego, realizáronse esforzos importantes para a vinculación do discapacitado ó traballo sobre a base dunha concepción global e pluriforme, poñendo en práctica os tipos máis comúns de formas de integración socio-laboral co obxectivo último e principal de asegurar a súa inserción nun contexto normalizado de traballo e nun marco habitual e ordinario.

Non obstante, a inserción socio-laboral do discapacitado dificultase tendo en conta factores obxectivos e subxectivos que limitan a súa ubicación, entre outros: tipo de minusvalía que padece, calificación, residencia, limitacións das fontes de emprego, prexuízos sociais e o contorno social e laboral extremadamente protector que en ocasións enaxena a súa capacidade de decidir.

TRABALLO EN CENTROS ORDINARIOS DE EMPREGO

A lexislación laboral vixente dá ó discapacitado prioridade para o acceso ó emprego normalizado e, en tal sentido, este segmento da poboación está considerado entre as fontes que o Estado, a través das oficinas de servizo de emprego, apoia preferentemente na súa colocación.

O traballo a domicilio e por conta propia constitúe outra fonte de emprego para o discapacitado en xeral, e o traballo en talleres especiais foi reservado, nunha primeira fase, para limitados físicos e sensoriais.

TRABALLO A DOMICILIO

O traballo a domicilio é un modo de emprego xeralizado no país para grupos da poboación con dificultades para incorporarse a traballar fóra do seu fogar e pode ser desempeñado por discapacitados severos ou aqueles que por distintas razóns así o decidan.

A formalización laboral do contrato a domicilio realízase entre as entidades laborais e o traballador. A forma de pago é a destallo, conforme ó establecido na lexislación vixente.

O tempo de duración dos contratos expresados recoñécese como tempo de servizos ós fins das prestacións de Seguridade Social que lle poidan corresponder ó traballador, se con posterioridade prestan servizos mediante contratos de traballo por tempo indeterminado, determinado ou para a execución dun traballo ou obra.

ACTIVIDADES LABORÁIS POR CONTA PROPIA

O exercicio de actividades laborais por conta propia é outra das modalidades de emprego que practican os discapacitados que teñen aptitudes e posibilidades para iso, autorizándose polo Ministerio de Traballo as actividades que poderán realizarse e, segundo as que desempeñe o traballador deberá pagar un imposto mínimo ó Estado, permitíndose ademais a axuda familiar no caso que o necesite.

Esta modalidade de emprego é a menos utilizada.

CARACTERIZACIÓN DO TALLER ESPECIAL EN CUBA

O concepto de Taller Especial non se atopa definido na nosa lexislación de maneira específica.

O seu obxectivo principal é propiciar unha alternativa máis de emprego a aquelas persoas discapacitadas que, debido fundamentalmente ás deficiencias que padecen, vense imposibilitadas a priori, para acceder a postos de traballo en centros ordinarios.

Na actualidade estes talleres agrupan a discapacitados visuais, xordos e hipoacústicos e limitados físico-motores.

As características máis notables destes talleres son:

- Os talleres especiais están dirixidos fundamentalmente a facilitar emprego a persoas que se incorporan por vez primeira ó traballo, aínda que non se limita o acceso de persoas con discapacidade que sendo traballadores disfrutaban dunha pensión da Seguridade Social.
- Constitúen centros de traballo que forman parte da rede de talleres administrados polas Empresas de Industrias Locais Varias, asentadas nos distintos municipios do país, polo que tamén podemos calificalos de “enclaves” dentro dun sistema de centros de traballo ordinarios.
- Creanse polos Gobernos Municipais e a Empresa de Industrias Locais Varias coa finalidade de promover a integración sociolaboral da persoa con discapacidade, habilitándose locais ou instalacións na comunidade cun mínimo de condicións que permiten o acceso ós mesmos destas persoas.
- Son centros que teñen coma finalidade a rendibilidade e desenvolven unha xestión de mercado co propósito do seu autofinanciamiento, non obstante, algúns teñen unha baixa produtividade e son subvencionados polo Estado.
- As persoas empregadas nestes talleres son consideradas traballadores en réxime laboral normal, aínda que en virtude da súa discapacidade poden traballar unha xeira reducida.
- Estes centros aseguran un emprego remunerado facilitando a integración económica e social ó discapacitado.
- A etapa inicial da relación laboral da persoa con discapacidade no taller comprende a realización dun proceso de adestramento dirixido a capacitala para executar os traballos que se desenvolven no centro.
- O taller especial para algunhas persoas discapacitadas constitúe a súa solución óptima de emprego, por razón da súa capacidade funcional e a cercanía do taller ó seu domicilio; para outros con maiores posibilidades, significa unha etapa de tránsito que lle permite adquirir unha preparación profesional para incorporarse

a outros centros ordinarios. En tódolos casos, a decisión de pasar a outro centro depende da vontade da persoa unha vez rehabilitada profesionalmente

Ó analizar as características anteriormente sinaladas, podemos colexir que a natureza destes talleres é o resultado da concorrencia dos principios establecidos para a institución do emprego protexido, e os que rexen de maneira normalizada no emprego ordinario.

Actualmente existen no país 143 talleres especiais, dictándose a Resolución 11 de 30 de agosto de 1996 do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que establece o Regulamento sobre o Tratamento Laboral, Salarial e de Seguridade Social para os traballadores dos talleres.

Na súa esencia, esta lexislación ten carácter eminentemente normalizador xa que as disposicións que contén non se apartan das normas dispostas para tódolos traballadores. As principais normas específicas regulamentadas nela refírense a:

Capítulo I- Formalización da Relación Laboral.

- A incorporación da persoa discapacitada a este tipo de actividade. Análza se polo equipo municipal que atende o Programa de Emprego.
- Formalízase o contrato de traballo coa Empresa de Industrias Locais Varias do Poder Popular de conformidade co establecido na lexislación vigente.
- A entidade pode subscribir o contrato de traballo co traballador independentemente de que realice a tarefa que se lle asigne no seu domicilio.

Capítulo II- Formación Profesional.

- A formación profesional das persoas discapacitadas que se incorporan ós Talleres Especiais é responsabilidade das Empresas de Industrias Locais Varias en cada territorio e a mesma efectuarase a través das Academias de Artes Manuais, os Talleres Formadores, os Politécnicos de Artesanía ou directamente no posto de traballo mediante adestramento.
- O instructor que se designe terá ó seu cargo a preparación individual da persoa discapacitada.
- Mentras dure o período de adestramento asígnaselle ó discapacitado un salario mensual.

Capítulo III- Tempo de traballo e descanso.

- A xeira de traballo é a oficialmente establecida.
- A acumulación e disfrute de vacacións anuais pagadas realízase de conformidade co disposto na lexislación vigente.

Capítulo IV- Organización do Salario.

- Para a organización salarial do persoal que traballa en Talleres Especiais, aplicaranse os calificadores das diferentes Categorias Ocupacionais vixentes.
- Apróbanse e pónense en vigor nestes talleres quince profesións de obreiros de perfil amplo.
- Formas de pago a tempo.
- Formas de pago a rendemento a destallo.
- Sistemas de estimulación salarial.

Capítulo V- Atención á persoa.

- Mellora da alimentación.
- Mellora dos inmobles.
- Deseño específico de ferramentas e posto de traballo.
- Avituallamiento de roupas, calzado, módulo de aseo persoal e outros.

Capítulo VI- Seguridade Social.

- A lei 24 de 1979 de Seguridade Social protexe ós traballadores vinculados ó taller especial nos casos de:
 - Invalidez temporal de orixe común ou profesional.
 - Maternidade.
- Igualmente, o dereito á xubilación do discapacitado incorporado ó traballo concédese conforme ó establecido na lei N°24 de 1979 de Seguridade Social nos casos de:
 - Pensión por idade e tempo de servicios.
 - Pensión por invalidez total ou parcial.
 - Pensión ós familiares en caso de morte do traballador.

Capítulo VII- Protección e Hixiene do Traballo.

- A administración do taller garantirá as condicións de traballo seguras e hixiénicas e os demais beneficios derivados da lexislación de protección e hixiene do traballo.

Capítulo VIII- Licencias deportivas e culturais.

- No caso de que o discapacitado participe en eventos deportivos ou culturais aplicaranse as licencias mencionadas na lexislación vixente nesta materia.

III - FORMACIÓN PROFESIONAL DA PERSOA DISCAPACITADA.

En Cuba a formación profesional da persoa discapacitada intégrase no aparato educativo que o país ten implantado, desde o Sistema Nacional de Educación ata a Capacitación Técnica dos Traballadores e os Servicios de Orientación Laboral e Emprego.

A formación profesional da persoa discapacitada presenta características específicas, en virtude fundamentalmente do grao de individualización que a mesma esixe atendendo ás condicións médicas e pedagóxicas de cada caso.

O primeiro eslabón constitúeno os Centros de Diagnóstico e Orientación, que son os encargados da evolución e diagnóstico dos menores que presentan deficiencias, ós que orientan o tipo de tratamento escolar a seguir.

Co propósito de lograr un desenvolvemento ascendente e sistemático na educación dos nenos con deficiencias, creáronse no país escolas especiais para escolares que presentan múltiples deficiencias.

Nas referidas escolas impártese Capacitación Técnica ós xoves discapacitados, a través de talleres habilitados nas mesmas.

O propósito é calificar ó alumno nunha actividade pre-laboral para que, dado o caso de non continuar estudos superiores, se atope en mellores condicións para acceder ós cursos de capacitación que imparten as empresas, para a súa posterior inserción laboral.

A Capacitación Técnica dos traballadores é o conxunto de actividades que levan a cabo os Organismos e Órganos do Estado, Institucións, Empresas, Organizacións Sociais e Sindicais para dotar ós traballadores e ós que chegan á idade laboral que desexen traballar e non posúan coñecementos teóricos e prácticos necesarios para desempeñar de forma adecuada e satisfactoria unha ocupación determinada.

En Cuba existen dúas vías para a Capacitación Técnica dos traballadores: os cursos en centros politécnicos pertencentes ó Ministerio de Educación, e os que se desenvolven en centros docentes doutros organismos da produción e os servicios.

As persoas discapacitadas que se encontran aptas para recibir formación profesional pola vía da Capacitación Técnica teñen acceso a estes cursos en iguais condicións que o resto dos traballadores.

IV-SERVICIO DE ORIENTACIÓN LABORAL E EMPREGO.

A lexislación laboral vixente en materia de política de Emprego establece prioridade de acceso ó traballo para as persoas discapacitadas.

O Programa de Emprego para as Persoas con Discapacidade (PROEMDIS), comezouse a aplicar no país no ano 1995.

OS PRINCIPIOS RECTORES DO PROGRAMA DEFÍNENSE EN:

- Promover políticas de participación activa das persoas discapacitadas no desenvolvemento económico e social da localidade.
- Coordinar as accións aproveitando os recursos existentes na comunidade.
- Desenvolver unha atención normalizada a partir da infraestrutura socioeconómica creada.

O PROEMDIS, está dirixido ás persoas discapacitadas cegas e débiles visuais, xordos e hipoacústicos, limitados do aparato locomotor, integrados nos grupos seguintes:

- Persoas discapacitadas en busca de emprego que non gozan dos beneficios dunha pensión por parte da Seguridade Social.
- Alumnos das escolas de ensinanza especial con interese de incorporarse ó traballo.
- Persoas discapacitadas incorporadas ós talleres especiais con interese de vincularse a un emprego ordinario.

As accións do Programa execútanse polos representantes das institucións municipais e da comunidade. Estas son:

- Rexistro das persoas discapacitadas en busca de emprego.
- Avaliación da capacidade funcional e orientación laboral.
- Formación profesional.
- Colocación laboral selectiva.
- Seguimento.

O referido programa aplícase a nivel nacional. Co propósito de favorecer a incorporación de persoas discapacitadas a empregos ordinarios, o Ministerio de Finanzas e Prezos dictou a Resolución N°60 de 1996, mediante a que se exime o pago do imposto pola utilización da forza de traballo a aquelas entidades que contratan Persoas con estas características e de igual modo, o Ministerio de Traballo e Seguridade

Social emitíu a Resolución N° 18 de 1997 que avala a condición de discapacitados que se incorporan a empregos ordinarios.

Por outra parte, hai que sinalar que PROEMDIS tamén se pronuncia pola atención ás persoas con retraso mental e polo complexa que resulta a atención destas persoas, realízase unha experiencia para a súa inserción laboral, cunha Institución de Saúde Pública dedicada a estes fins.

Na actualidade existen 18.535 persoas discapacitadas controladas polo Programa de Emprego. Delas atópanse ocupadas 16.891, é dicir o 91%.

Do total de persoas ocupadas, o 73% están ubicadas no emprego ordinario; o 17%, en talleres especiais; o 6%, en traballo por conta propia; o 1%, en traballo a domicilio e un 3% atópanse recibindo cursos de capacitación.

En resumo, aínda que se acadaron avances na formación profesional das persoas discapacitadas, queda un longo camiño por percorrer para satisfacer as necesidades deste grupo da poboación.